

Turismo en Galicia

Balance anual 2018

galicia



DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda turística regrada en Galicia. Ano 2018

	T. Interno	T. Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	1.393.630	2.086.928	1.292.928	4.773.496
NOITES	2.972.814	4.936.922	2.323.915	10.233.915
ESTADÍA MEDIA	2,13	2,37	1,80	2,14


DEMANDA TURISTICA

Comportamento negativo da demanda turística nos establecementos regrados de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- no ano 2018. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 6,8% e o volume de noites un 4,1% en relación ao anterior ano 2017.

Con estes descensos Galicia rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos demanda turística no conxunto dos establecementos regrados nos cinco anos anteriores, de 2013 a 2017.

A estadia media mellora neste contexto de caída da demanda, superando nun 2,9% a cifra do pasado ano 2017.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. 2018/17



DEMANDA TURISTICA

Noites nos establecementos regrados e variación interanual por CC.AA. Ano 2018

	NOITES
ESPAÑA	464.588.657
Canarias	99.831.948
Cataluña	81.103.301
Baleares	70.409.239
Andalucía	69.169.107
C. Valenciana	49.474.316
Madrid	27.546.402
Castela e León	11.232.079
Galicia	10.233.651
Aragón	7.950.875
País Vasco	7.598.296
Cantabria	5.540.237
Asturias	5.526.359
Murcia	5.470.716
Castela A Mancha	5.126.078
Extremadura	3.403.652
Navarra	3.040.547
Rioxa, A	1.600.497

	Var. Int. NOITES
ESPAÑA	-0,8%
Cantabria	5,0%
País Vasco	3,9%
Castela A Mancha	3,8%
Extremadura	3,7%
Murcia	3,2%
Madrid	1,9%
Aragón	1,4%
Andalucía	1,2%
Castela e León	0,8%
C. Valenciana	-0,2%
Navarra	-0,3%
Baleares	-0,4%
Cataluña	-1,1%
Asturias	-2,4%
Rioxa, A	-3,1%
Galicia	-4,1%
Canarias	-4,3%

DEMANDA TURÍSTICA


- O descenso da demanda turística en Galicia prodúcese nun contexto de dinámicas contrapostas no conxunto de España. A nivel estatal obsérvase un suave incremento do 1,0% no relativo á cifra de viaxeiros aloxados mais unha caída do 0,8% no que atinxe ás pernoctacións.
- Esta dinámica negativa vén como consecuencia de combinar comportamentos dispares a nivel das comunidades autónomas. Nove destinos presentan resultados positivos, superando os niveis de demanda do pasado ano 2017. Cantabria lidera este ranking a nivel estatal cun incremento medio do 5%. Seguen en orde de importancia, con subas próximas ao 4% interanual, o País Vasco, Castela A Mancha e Estremadura.
- Castela e León marca neste ano o crecemento máis moderado, de apenas o 1% interanual.
- Tres destinos manteñen a grandes trazos os niveis de demanda de 2017 –a C. Valenciana, Navarra e Baleares- mentres que en cinco rexístranse caídas de diversa intensidade –entre os que se atopa Galicia-. Canarias é neste 2018 o destino de peor comportamento relativo, coa caída máis notoria –do 4,3% en relación ao 2017-.
- Xustamente Canarias, con preto de 100 millóns de noites, é o destino de maior peso no conxunto de España –absorbe o 21,5% do total estatal-. Seguen en orde de importancia, por esta orde, Cataluña, Baleares, Andalucía e a C. Valenciana. Estes cinco destinos representan preto do 80% do total da demanda turística do Estado.
- Galicia ocupa o oitavo lugar no ranking das CC.AA. representando o 2,2% do total de España neste ano 2018.

DEMANDA TURISTICA

A caída da cifra de viaxeiros aloxados rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, de 2013 a 2017, a taxas variables que permitiron superar os cinco millóns de viaxeiros nese último ano. En termos relativos o incremento máis notorio sitúase en 2015, cunha suba do 12,4%.

O descenso deste 2018 coloca o volume final en algo máis de 4,77 millóns, a cifra máis baixa dos últimos tres anos. Queda, sen embargo, por encima de toda a serie anterior a 2016.

Evolución viaxeiros aloxados nos establecementos regrados. Anos 2012-18




DEMANDA TURISTICA

Do lado das pernoctacións acontece algo similar. A caída deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos no período 2013-17, a taxas tamén variables que permitiron acadar un máximo histórico de demanda xustamente neste último ano con preto de 10,7 millóns. O descenso do 4,1% de 2018 coloca o volume final en máis de 10,2 millóns, a segunda cifra máis baixa da serie histórica.

É o terceiro ano consecutivo no que o nivel de demanda turística regrada de Galicia fica por encima dos 10 millóns de noites. En termos absolutos o descenso tradúcese na perda de máis de 430 mil noites en comparación coa cifra de 2017.

Evolución noites nos establecementos regrados. Anos 2012-18




DEMANDA TURÍSTICA

O 36,6% da demanda turística concéntrase no verán sendo agosto o mes de maior afluencia á nosa comunidade -en 2018 xeráronse preto de 2,17 millóns de noites no oitavo mes do ano, o 21,2% do total anual-.

En temporada media –meses de abril, maio, xuño, setembro e outubro- achégase o 42,4% do total quedando pouco máis dun quinto da demanda –o 21,2% en particular- en temporada baixa –de novembro a marzo-.

Mantense, por tanto, o carácter estacional do turismo na nosa comunidade se ben redúcese en algo máis dun punto o peso do verán en relación ao conxunto do ano.

Demanda turística nos establecementos regrados. Noites 2018, por meses



DEMANDA TURÍSTICA


O comportamento da demanda a curto prazo presenta certas disparidades. Dunha banda sobe e mellora en cinco meses – xustamente aqueles de temporada baixa, de xaneiro a marzo e en novembro e decembro- rexistrando o incremento máis notorio en marzo por mor da celebración da Semana Santa.

No lado contrario cae a demanda na temporada media e alta –de abril a outubro- a taxas dispares pero con maior intensidade en abril –polo efecto negativo do calendario na celebración da Semana Santa- e en xullo.

En termos globais a demanda cae un 7,2% na temporada alta e un 6,6% na temporada media mais increméntase un 8,2% na temporada baixa.

En cifras absolutas a dinámica anterior tradúcese na xeración de máis de 163 mil novas pernoctacións en temporada baixa mais na perda de preto de 600 mil nas temporadas media e alta.

Evolución demanda turística nos establecementos regrados. 2018/17, por meses




DEMANDA TURÍSTICA

Como consecuencia do comportamento comentado anteriormente, en 2018 redúcese levemente a estacionalidade do turismo en Galicia. Gaña peso a temporada baixa –en máis dun punto porcentual- representando o 21,1% do total da demanda –a cifra máis alta dos últimos cinco anos e semellante á rexistrada en 2013-.

A temporada media absorbe o 42,4% do total mentres que en temporada alta rexístrase o 36,6% do volume global de noites. Ambas porcentaxes descenden en comparación co 2017 –no caso da temporada alta a porcentaxe é a máis baixa de cando menos os últimos seis anos-.

Reparto da demanda turística nos establecementos regrados. Temporadas 2013-18




MERCADOS TURÍSTICOS

O 77,3% da demanda turística regrada rexistrada en 2018 corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba tanto ao turismo interno –dos residentes en Galicia que representan o 29,0%- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas cun 48,2% neste caso-. Ambos segmentos rexistraron pouco máis de 7,9 millóns de pernoctacións neste ano. O turismo internacional supón o 22,7% do total da demanda regrada en 2018 con máis de 2,3 millóns de pernoctacións neste caso.

En relación ao 2017 obsérvase, en termos de estrutura, certo incremento do peso do turismo interno –de máis dun punto porcentual- e un descenso paralelo do turismo receptor que neste caso atinxe tanto ao de orixe nacional coma ao internacional.

Peso dos principais mercados nos establecementos regrados. Ano 2018




MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase neste ano un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado, con variacións de diversa dirección e intensidade.

En particular, o turismo interno –dos residentes en Galicia- increméntase nun 1,3% en relación ao 2017, circunstancia provocada por unha mellora paralela da cifra de viaxeiros residentes.

O mercado receptor amosa en cambio un comportamento negativo, con caídas do 6,3% naquel de ámbito nacional e do 5,9% para o internacional. En ambos casos acontece que se rexistra unha caída paralela da cifra de viaxeiros aloxados –do 8,3% no caso dos españois procedentes doutras comunidades autónomas e do 11,7% no caso dos estranxeiros-.


Evolución principais mercados nos aloxamentos regrados . 2018/17



MERCADOS TURÍSTICOS

Nun sentido estrito é o quinto ano consecutivo no que se rexistra un incremento do turismo interno en Galicia no ámbito do aloxamento regrado. Logo das caídas rexistradas no período 2008-13 a demanda interna consegue situarse en valores positivos en 2014 –cunha suba de apenas o 1% interanual- que tería continuidade en 2015 –cun 2,6%-, en 2016 –cun 9,6%-, en 2017 –cunha suba de apenas medio punto- e agora en 2018 –co 1,3% neste caso-. Esta dinámica coloca o volume final do mercado interno en algo máis de 2,97 millóns de noites, a cifra máis elevada dos últimos dez anos.


Evolución mercado interno nos aloxamentos regrados. Noites 2012-18



MERCADOS TURÍSTICOS

No caso do mercado receptor nacional a caída deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos cinco anteriores, de 2013 a 2017, a taxas variables que permitiron superar os 5,2 millóns de noites xustamente neste último ano. O descenso deste 2018 –do 6,3%– coloca o volume final en máis de 4,9 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada da década-. Este descenso provén en boa medida dunha caída paralela da cifra de viaxeiros españois aloxados en Galicia, do 8,3% neste caso. Con esta dinámica o mercado receptor nacional perde en 2018 preto de 330 mil noites.

Evolución mercado receptor nacional nos aloxamentos regrados. Noites 2012-18




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado internacional marca igualmente neste ano unha caída do 5,9% que rompe cunha tendencia positiva nos seis anteriores, de 2012 a 2017, que permitiron acadar un máximo histórico xustamente neste último ano con preto de 2,47 millóns de noites.

A caída deste 2018 sitúa o volume final por encima de 2,32 millóns de noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica. En termos absolutos o descenso deste ano supón a perda de case 145 mil noites en relación ao dato de 2017.

Evolución mercado internacional nos aloxamentos regrados. Noites 2012-18




MERCADOS TURÍSTICOS – PESO

O mellor comportamento relativo do turismo interno fronte aos restantes segmentos conleva que este mercado incremente o seu peso dentro da estrutura da demanda en Galicia, representando o 29% do total –porcentaxe equivalente á rexistrada en 2015 e 2016-.

O peso dos outros dous segmentos de mercado descende neste 2018, sendo máis notorio no caso do receptor nacional –de algo máis dun punto- en relación ao internacional –de apenas medio punto-.

Neste último caso, o internacional, acontece que en 2018 baixa o peso por vez primeira desde o 2009 –cando representaba o 15,7% do total da demanda regrada-.


Evolución PESO dos diferentes segmentos de mercado na demanda regrada. 2013-18



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑÓIS

ESTRANX.




MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística regrada, o mercado interno –dos residentes en Galicia- representa en 2018 o 29,0% do total das pernoctacións nos establecementos regrados –cifra que supera en máis dun punto porcentual a rexistrada en 2017-.
- Dentro do ámbito nacional Madrid é, unha vez máis, o principal mercado emisor a Galicia. Con algo máis de 1,4 millóns de noites representa o 13,7% do total da demanda turística regrada.
- Seguen en orde de importancia Castela e León –co 6,1%-, Andalucía –co 5,0%-, Asturias –co 4,7%- e Cataluña –co 4,1% do total da demanda regrada neste caso-. Os principais mercados emisores nacionais concéntranse unha vez máis naquelas comunidades de maior poboación –Madrid, Andalucía e Cataluña- e nas de maior proximidade –Castela e León, e Asturias-.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. En 2018 rexístranse algo máis de 450 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 4,4% do total da comunidade.
- A nivel internacional destacan tamén como principais mercados Alemaña –co 2,2% das noites-, EE.UU. –co 1,8%-, Italia –tamén co 1,8%- e Francia –co 1,7% neste caso-.
- Por vez primeira en Galicia, e debido ao mellor comportamento relativo experimentado nos últimos anos, o mercado americano supera en volume e peso ao mercado italiano e sitúase en terceiro lugar no ranking de principais países de procedencia dos viaxeiros estranxeiros –cando menos no aloxamento regrado-. Xa en 2014 conseguira superar en peso ao mercado británico e en 2017 ao francés, dous dos tradicionais da nosa comunidade.
- Xustamente o mercado británico sitúase en sexto lugar co 1,6% do total da demanda regrada neste 2018.

MERCADOS TURÍSTICOS

O comportamento negativo do mercado nacional vén como consecuencia dos descensos rexistrados na maior parte dos principais mercados emisores. En realidade cae a demanda en todos eles agás no caso do mercado asturiano, que consegue superar nun 2,1% o volume de noites de 2017. Este dato engadido ao observado no caso do turismo interno fala de que en 2018 o comportamento positivo do mercado nacional localizouse no turismo de proximidade –Galicia e Asturias neste caso-. Os restantes mercados emisores presentan comportamentos negativos de diversa intensidade, con caídas do 4-6% para Madrid, Castela e León e Andalucía, e superiores ao 10% interanual para Cataluña ou o País Vasco. Neste contexto sempre é significativo observar o comportamento do principal mercado emisor, Madrid neste caso, que rexistra unha caída do 4,4%.

Evolución principais mercados nacionais nos aloxamentos regrados . Noites 2018/17




MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado salvo no caso do mercado portugués –que marca a excepción cun incremento do 6,8% en comparación co 2017-. É o quinto ano consecutivo no que acontece tal circunstancia, colocando o nivel deste ano en pouco máis de 450 mil noites –a cifra máis elevada desde o 2007-.

Destaca o comportamento do mercado portugués por varios motivos: por ser o de maior peso e relevancia na nosa comunidade dentro do contexto internacional, por marcar a excepción en relación aos restantes mercados estranxeiros e por reforzar a dinámica positiva do turismo de proximidade neste 2018 –xunto con Galicia e Asturias-.

Os restantes mercados internacionais amosan caídas de diversa intensidade, sendo maior no caso do mercado italiano –cun descenso do 22%- e relativamente máis suave para o irlandés –cunha caída do 2,0% neste caso-.

Evolución principais mercados internacionais nos aloxamentos regrados . Noites 2018/17




En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística regrada presenta un claro desequilibrio cara as provincias do litoral atlántico fronte ao interior da comunidade.

Novamente en 2018 as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben máis do 80% do total da demanda cun reparto semellante entre ambas –aínda que neste caso é Pontevedra a que xera maior volume de pernoctacións con algo máis de 4,16 millóns, o 41% do total-. En A Coruña o nivel fica en 4,07 millóns, o 40% neste caso.

Por vez primeira desde o 2010 o volume de demanda rexistrado na provincia de Pontevedra supera á observada en A Coruña. O 19% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma dispar entre Lugo –que absorbe o 12% do total da demanda con 1,27 millóns de noites- e Ourense –provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, co 7% neste caso e 727 mil noites-.

Demanda turística regrada por provincias. Ano 2018




ANÁLISE TERRITORIAL

En termos xerais obsérvase neste 2018 un comportamento negativo da demanda a nivel territorial, con descensos en tres das catro provincias galegas. As caídas non son moi acusadas e sitúanse no 6,1% en A Coruña, no 5,0% en Lugo e no 2,9% en Pontevedra. Todas elas veñen como consecuencia esencialmente dun descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados amortiguado no caso de A Coruña e Lugo por certa mellora da estadia media.

En termos absolutos esta dinámica supón a perda de 265 mil noites en A Coruña, de 67 mil noites en Lugo e de case 123 mil noites en Pontevedra en comparación co 2017.


Marca a excepción neste ano a provincia de Ourense pois neste contexto negativo amosa un crecemento global da demanda turística regrada do 2,8% -froitto dun incremento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados, do 6,9% neste caso-. Supón a xeración de case 20 mil novas pernoctacións.



ANÁLISE TERRITORIAL

Terras de Santiago, que inclúe a cidade de Compostela, é o destino turístico de Galicia de maior volume e peso desde o punto de vista da demanda. Absorbe neste 2018 o 19,0% do total das noites hoteleiras rexistradas na comunidade. Seguen en orde de importancia, nun segundo grupo, os destinos Ría de Arousa –que inclúe as vilas de Sanxenxo e O Grove, co 17,6%-, Ría de Vigo e Baixo Miño –coa cidade de Vigo, co 15,5%- e A Coruña - As Mariñas –co 14,3% neste caso-. Estes catro grandes destinos representan en conxunto ao 67% do total da demanda hoteleira de Galicia. O terzo restante repártese nos outros xeodestinos considerados entre os que destacan aqueles que inclúen destinos urbanos da comunidade.


Demanda turística hoteleira por xeodestinos. Ano 2018



ANÁLISE TERRITORIAL

O comportamento da demanda hoteleira a nivel dos xeodestinos turísticos de Galicia é dispar neste 2018. Dunha banda sobe e mellora en seis deles sendo en Celanova – Limia onde o incremento resulta máis intenso –do 18,7%-. Localízanse en diferentes zonas da comunidade co que non existe un patrón territorial común a eles. Xunto co anterior inclúense tamén a Mariña Lucense, Ría e Terras de Pontevedra, Ferrolterra, Ría de Muros e Noia e Ría de Vigo e Baixo Miño. Na zona de A Coruña – As Mariñas a demanda mantense estable mentres que nos restantes xeodestinos descende en comparación co 2017. As caídas máis notorias rexístranse na Costa da Morte –cun descenso do 29%- e en Ancares-Courel –cun 36% neste caso-.

Variación da demanda turística hoteleira por xeodestinos. 2018/17




ANÁLISE TERRITORIAL

En termos absolutos é o destino Ría de Vigo e Baixo Miño o que xerou maior volume de noites neste 2018 en comparación co anterior 2017 –algo máis de 13 mil-. Seguen en orde de importancia Mariña Lucense e Ría e Terras de Pontevedra –ambas con máis de 10 mil novas pernoctacións-.

No lado negativo a perda de demanda en termos absolutos é variable pero destacan tres xodestinos concretos: a Costa da Morte –cunha perda de máis de 85 mil noites-, Ría de Arousa –con preto de 111 mil- e Terras de Santiago –destino que perdeu en 2018 máis de 136 mil noites en relación ao 2017-.

Variación da demanda turística hoteleira por xodestinos (en termos absolutos). 2018/17




ANÁLISE TERRITORIAL

O 47% da demanda hoteleira de Galicia corresponde aos destinos urbanos, isto é, rexístrase nos hotéis e pensións das sete cidades da comunidade. O 53% atribúese a destinos de litoral e interior entre os que destacan as vilas de Sanxenxo e O Grove, nas Rías Baixas.

A cidade de Compostela lidera un ano máis o ranking dos destinos urbanos de Galicia. En 2018 rexistra preto de 1,34 millóns de noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 34% do total da demanda dos destinos urbanos e o 16% de toda Galicia. Seguen en orde de importancia as cidades de A Coruña –con 955 mil noites- e Vigo –con preto de 822 mil neste 2018-. Ferrol é pola contra a cidade de menor volume e peso dentro dos destinos urbanos de Galicia. Rexistra este ano preto de 113 mil noites nos establecementos hoteleiros.

Demanda turística hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Ano 2018




ANÁLISE TERRITORIAL

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira nos diferentes destinos urbanos de Galicia. Dunha banda sobe e mellora en tres deles –case un 1% en A Coruña, un 4,8% en Ferrol e un 2,4% en Ourense-. Nas tres cidades o incremento da demanda global vén provocado por unha mellora da estadia media nun contexto de caída ou estabilidade da cifra de viaxeiros aloxados-.

A demanda mantense estable en Lugo, Pontevedra e Vigo –medida en pernoctacións- e soamente amosa comportamento negativo en Santiago –destino onde descende nun 7,3% como consecuencia dunha caída paralela da cifra de viaxeiros aloxados, do 13,8% neste caso-.

Variación da demanda turística hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. 2018/17




ANÁLISE TERRITORIAL

Ferrol e Ourense son as únicas cidades nas que se observa un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos de diversa intensidade. Na cidade departamental o turismo nacional sobe un 5,2% e o internacional un 3,5%, mentres que na cidade das Burgas os crecementos son do 1,2% para o segmento nacional e do 9,4% para o internacional. Nos restantes destinos urbanos o comportamento é dispar, isto é, os dous segmentos de mercado amosan dinámicas contrapostas.

En termos globais, o turismo nacional sobe e mellora en tres destinos: Ferrol, Santiago e Ourense. Nas restantes cidades cae, sendo o descenso máis acusado en Pontevedra. O turismo internacional, en cambio, amosa mellor comportamento relativo, con cifras positivas en todas as cidades agás en Santiago –onde cae nun 16%-. O incremento iguala ou supera o 10% interanual en A Coruña, Lugo e Pontevedra.

Variación da demanda turística hoteleira nos destinos urbanos de Galicia, por mercados. 2018/17




DEMANDA TURÍSTICA - TIPOLOXÍAS

O 82,5% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 69,0%- como ás pensións –co 13,4% neste caso-.

O 17,5% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos – que representan o 4,2% da demanda total-, aos cámpings –co 9,3%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 4,1% neste caso-.


Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento regrado. Noites 2018



DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS

En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste ano un comportamento relativamente homoxéneo, con caídas xeneralizadas agás no caso dos cámpings –única modalidade que consegue superar as cifras de 2017, nun 1,9% neste caso, como consecuencia de certa mellora da estadía media-.

O descenso é menos intenso e relativamente modesto nos hoteis –onde o volume de demanda cae un 1,4%- e mais acusado e notorio nas restantes tres tipoloxías. Neste sentido cae o volume de noites 16,3% nas pensións –froito dunha caída da cifra de viaxeiros do 27%-, un 10,6% nos apartamentos turísticos –tamén como consecuencia dun descenso parello da cifra de viaxeiros, do 9%- e un 7,3% nos establecementos de turismo rural –por mor neste caso dun empeoramento da estadía media nun contexto de relativa estabilidade da cifra de viaxeiros aloxados-.




DEMANDA TURISTICA – CATEGORÍAS

Dentro do ámbito estritamente hoteleiro o comportamento da demanda en relación coas diferentes categorías segue certa correlación no sentido de que empeora a medida que a categoría descende. Neste sentido o mellor comportamento relativo sitúase no segmento máis alto, nos hoteis de catro e cinco estrelas, onde se rexistra un incremento do 3,2% en comparación co 2017 –grazas a un crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados-.

Nas restantes categorías a demanda cae, de forma suave nos hoteis de tres estrelas –en pouco máis dun 2%- e de dúas estrelas –un 3%-, e máis notorio nos hoteis dunha estrela –un 12%-, nas pensións de tres e dúas estrelas –un 14%- e sobre todo nas pensións dunha estrela –un 19% neste caso-.

En todos estes segmentos cae a demanda froito dun descenso parello da cifra de viaxeiros agás no caso dos hoteis de dúas estrelas, onde sobe nun 2,2% neste caso.

Evolución demanda turística hoteleira por categorías. Noites 2018/17




DEMANDA TURISTICA – EST. HOTELEIROS

Fixando a atención no segmento hoteleiro obsérvase que a caída deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos cinco anteriores, de 2013 a 2017, con variacións de diversa intensidade que conseguiron colocar o volume deste último ano en pouco máis de 8,8 millóns de noites -dato que supuxo un máximo histórico-.

Co descenso deste 2018 o nivel fica en preto de 8,44 millóns, dato obviamente inferior ao do anterior 2017 mais superior a toda a serie anterior.

En termos absolutos a caída deste ano supón a perda de 370 mil noites no ámbito hoteleiro en relación ao 2017.

Evolución demanda turística nos ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS. Noites 2012-18




DEMANDA TURÍSTICA – APTOS. TURÍSTICOS

No ámbito dos apartamentos turísticos a tendencia é semellante ao comentado anteriormente. Cae a demanda neste 2018 –un 10,6%- logo de colleitar catro anos consecutivos de crecemento, a taxas importantes, que permitiron superar as 480 mil noites en 2017.

Rómpese esta dinámica en 2018 colocando o nivel final en 430 mil noites, cifra inferior á dos dous últimos anos mais superior á serie anterior. Supón en termos absolutos a perda de 51 mil noites en relación ao anterior 2017.

Evolución demanda turística nos APARTAMENTOS TURÍSTICOS. Noites 2012-18




DEMANDA TURISTICA – CAMPINGS

Os cámpings marcan a excepción neste 2018 pois presentan un incremento da demanda do 1,9% que contrasta xustamente coa caída rexistrada no anterior 2017, do 3,3% naquel caso. O comportamento desta modalidade nos últimos anos difire do observado nas restantes tipoloxías, cunha dinámica máis irregular na dirección e na intensidade. En resumo, o volume de noites mantense estable en 2013, sobe levemente en 2014 e 2015 e de forma notoria en 2016 –un 15% colocando por vez primeira o volume final por encima das 900 mil noites-. Cae en 2017 para volver a subir levemente agora en 2018.

Con todo, o nivel de demanda deste ano fica por terceiro ano consecutivo por encima das 900 mil noites, situándose concretamente en case 950 mil.

En termos absolutos son 18 mil novas pernoctacións en comparación co anterior 2017.

Evolución demanda turística nos CAMPINGS. Noites 2012-18




DEMANDA TURISTICA – TURISMO RURAL

A dinámica nos establecementos de turismo rural aseméllase ao observado no caso dos apartamentos turísticos. Cae a demanda neste 2018 logo de acumular catro anos consecutivos de crecemento, de 2014 a 2017, en porcentaxes importantes salvo neste último ano, que permitiron colocar o nivel final en preto de 450 mil noites xustamente nese ano.

A caída de 2018, provocada por un descenso da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable, sitúa o volume final en máis de 416 mil noites, a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior.

En termos absolutos este segmento perdeu en 2018 case 33 mil noites en comparación co anterior 2017.

Evolución demanda turística nos ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL. Noites 2012-18




DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS

Analizando as cifras desagregadas por procedencia obsérvase que:


- O descenso da demanda nos establecementos hoteleiros vén como consecuencia dun comportamento negativo do turismo receptor, con caídas do 6% tanto daquel de ámbito nacional coma do internacional. O mercado interno sobe un 2%.
- Nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural o descenso é xeneralizado e afecta aos tres segmentos de mercado, con diversa intensidade.
- Nos cámpings, en cambio, o leve incremento provén de subas do turismo interno e internacional. O mercado receptor nacional mantense estable neste caso.
- En termos xerais, o turismo receptor descende en todas as tipoloxías agás nos cámpings. O mercado interno, en cambio, sobe tamén nos hoteis aínda que as variacións globais son de baixa intensidade.

Evolución demanda turística regrada por procedencia e tipoloxías. Noites 2018/17



A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase por encima de 2,1 noites de media neste 2018, cifra que supera nun 2,9% o dato do pasado ano –contribuíndo desta maneira a amortiguar levemente a caída do volume de viaxeiros aloxados-. Son tres anos consecutivos de mellora da estadía media no conxunto da oferta regrada da comunidade, circunstancia que rompe cunha tendencia de caídas consecutivas nos sete anos anteriores –con descensos constantes de 2009 a 2015-. A pesar deste incremento, que consegue mellorar en algo máis dunha décima a cifra de 2015, o dato segue por debaixo dos valores tradicionais na nosa comunidade que se situaban por encima de 2,2 noites de media ata o 2011.


Estadía media nos establecementos regrados. Período 2013-18



En termos de ocupación as variacións son homoxéneas mais con certos matices. Dunha banda a ocupación cae nas pensións, nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural –entre un e dous puntos en todas elas- como consecuencia basicamente dun descenso da demanda medida en pernoctacións.

Nos hotéis e nos cámpings, en cambio, mantense relativamente estable froito dunha evolución da oferta parella á da demanda. Xustamente son os hotéis a tipoloxía que consegue o nivel de ocupación máis alto cun 44,3% de media neste 2018. As restantes modalidades fican por debaixo do 30%, cun 26,6% nos apartamentos turísticos, algo máis do 23% nas pensións e nos cámpings e cun 18,6% nos establecementos de turismo rural –a tipoloxía coa cifra máis baixa neste ano-.

% Ocupación nos establecementos regrados. Ano 2018/17




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste ano 2018 –un 2,2% en particular- situándose en 58,8 euros de media. É o quinto ano consecutivo no que se observa un incremento do ADR na nosa comunidade colocando o dato deste ano no máis elevado desde o 2010.

En termos de ocupación, contabilizada por habitacións, rexístrase neste ano un leve incremento do 0,8%. Isto engadido á leve mellora das tarifas hoteleiras leva a un incremento dos niveis de rendibilidade no sector hoteleiro en relación ao pasado ano 2017 –o RevPAR sobe un 2,8% ata situarse en 25,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. É o quinto ano no que acontece tal circunstancia colocando tamén a cifra deste 2018 no máis elevado da década.

Os bos resultados en termos de ingreso e rendibilidade hoteleira proveñen, en esencia, dunha mellora das tarifas hoteleiras.

Ocupación, ADR e RevPAR hoteleiro. Ano 2018




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

O sector hoteleiro de Galicia acumula cinco anos consecutivos de mellora dos seus niveis de rendibilidade. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 o RevPAR hoteleiro estabilízase en 2013 –ao contrarrestarse o efecto positivo da mellora dos niveis de ocupación cun descenso das tarifas hoteleiras- para comezar logo unha senda positiva de incrementos en 2014 –do 5,2%-, en 2015 –do 14,2%-, en 2016 –do 8,1%-, en 2017 –do 10,0%- e agora en 2018 –do 2,8%-.

Esta tendencia positiva vén como consecuencia de dous efectos positivos: mellora dos niveis de ocupación nun contexto de certo crecemento das tarifas hoteleiras ou ADR –que soben un 1,2% en 2014, un 4,1% en 2015, un 1,5% en 2016, un 2,7% en 2017 e un 2,2% agora en 2018-.

Variación da Ocupación, ADR e RevPAR hoteleiro. Período 2012-18




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando a evolución dos niveis de demanda e ocupación nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste 2018 preto de 295 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra moi semellante á do anterior ano 2017 se ben nun sentido estrito increméntase nun 0,2% -o que se traduce na xeración de 610 mil euros de ingreso no sector-.

Os ingresos totais do sector hoteleiro soben de forma consecutiva nos catro últimos anos –un 4,1% en 2014, un 11,5% en 2015, un 9,0% en 2016 e un 9,3% en 2017- recuperando e mesmo superando os niveis perdidos en anos anteriores.

Ingreso total por habitacións ocupadas no segmento hoteleiro. Anos 2013-18



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación en 2018 visitaron Galicia pouco máis de 1,5 millóns de turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que segundo o INE experimentou un incremento do 16,7% en relación ao 2017.

O 73,0% visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 10,5% fíxoos por negocios mentres que un 9,1% visitou Galicia por motivos persoais –de saúde, visita familiar,...-.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte de Portugal –en particular o 93%- , estímase en 3,0 millóns de persoas neste 2018 –cifra que descende un 9,5% en relación ao anterior 2017.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR Ano 2018

	Ano 2018	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	1.506.102	100,0%
Vacacións / Ocio	1.100.002	73,0%
Negocios	157.664	10,5%
Persoal (saúde, familia,...)	136.308	9,1%
Resto motivos	112.128	7,5%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	2.999.817	-

GASTO TURÍSTICO

En termos de gasto, utilizando as operacións da Enquisa de Turismo de Residentes para o ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional, obsérvase neste 2018 un crecemento global para os tres segmentos de mercado.

O gasto medio diario dos residentes en Galicia subiu un 8,4% neste 2018 para situarse en 34,7 euros. O do turista español procedente de fóra da comunidade tamén se incrementou neste ano aínda que en menor porcentaxe –un 1,7% neste caso–, acadando os 51,4 euros por persoa e día. Ambas cifras corresponden ao acumulado dos tres primeiros trimestres do ano, de xaneiro a setembro.

O turista internacional presenta un maior nivel de gasto medio diario -109,0 euros neste 2018-, cifra que tamén supera o nivel do anterior ano, nun 3,8% neste caso.

Gasto medio diario e variación interanual, por mercados. Ano 2018

	T. Interno*	T. Nacional*	T. Internacional
GASTO MEDIO DIARIO	34,7 €	51,4 €	109,0 €
Var. 2018/17	8,4%	1,7%	3,8%

* O gasto do turismo interno e nacional corresponde aos tres primeiros trimestres do ano, de xaneiro a setembro de 2018. Fonte: ETR/INE

CAMIÑO DE SANTIAGO


En relación co número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste ano 2018 un incremento do 8,8% en relación ao 2017, rexistrando algo máis de 327 mil. É o sétimo ano consecutivo no que se observa un crecemento do número de Compostelas situando a cifra deste 2018 en máximo histórico –supera nun 20% o dato do último Xacobeo 2010-.

É tamén o sétimo ano consecutivo no que o volume de peregrinos estranxeiros supera aos españois –os primeiros representan en 2018 o 56,0% do total con máis de 183 mil, dato que supera nun 8,7% a cifra de 2017 e supón un máximo histórico en Galicia -.

A cifra de peregrinos españois incrementábase nunha porcentaxe equivalente –un 8,8%- situándose en algo máis de 144 mil –o dato máis alto nun ano non Xacobeo-.

A distancia entre ambos segmentos de mercado –españois e estranxeiros- é cada vez maior desde o 2012 e o “gap” sitúase xa en 39 mil compostelas agora en 2018.

Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas 2011-18




CAMIÑO DE SANTIAGO

Por rutas destaca novamente o Camiño Francés –co 56,9% do total rexistra máis de 186 mil compostelas-. Seguen en orde de importancia o Camiño Portugués –co 20,7%-, o Camiño do Norte –co 5,8%- e os camiños Primitivo, Portugués da Costa e Inglés –ambos con algo máis do 4% do total-.

En termos dinámicos o incremento do volume de peregrinos prodúcese en todas as rutas a Compostela, con diversa intensidade, agás no caso da Vía da Prata –onde o nivel mantense estable-. En termos relativos os crecementos máis notorios localízanse nos camiños Portugués da Costa –cun 89%- e Fisterra-Muxía –cun 70%-.

En termos absolutos, en cambio, a maior suba rexístrase no camiño Portugués, con preto de 8.600 novos peregrinos en comparación co 2017. Neste 2018 continúa a tendencia de desconcentración da peregrinación a Compostela. Refórzase a distribución territorial dos peregrinos no sentido de que cada vez optan por rutas alternativas para facer o Camiño. Este reequilibrio territorial leva necesariamente a un menor peso do Camiño Francés en relación ás restantes rutas –supón por vez primeira menos do 60% do total-.


Evolución do volume de peregrinos, por rutas. Ano 2018/17



CAMIÑO DE SANTIAGO

O incremento do número de peregrinos prodúcese en todos os meses do ano con diversa intensidade, coa excepción do mes de decembro –cando se produce un descenso do 12%-. Significa isto que a dinámica positiva acontece tanto no verán –período no que se rexistra un incremento do 5,8%- coma no resto do ano –fóra de temporada alta a suba global é neste caso do 10,3%-. Estas variacións proveñen de crecementos paralelos dos dous grandes segmentos de mercado. O volume de peregrinos españois, por exemplo, sobe tanto no período estival –un 8,7%- coma no resto do ano –un 8,9%-. Similar circunstancia obsérvase no caso dos peregrinos estranxeiros cuxo volume crece tanto no período estival –un 1,9%- coma na temporada media e baixa –un 11,1% neste caso-. A diferenza de intensidade de crecemento entre o verán e o resto do ano prodúcese esencialmente no caso dos peregrinos estranxeiros. Para os españois a dinámica en termos porcentuais é semellante en ambos períodos.

Evolución peregrinos, por procedencia e temporada. Ano 2018/17




CAMIÑO DE SANTIAGO

Outro dos indicadores que se manexan na análise da demanda no Camiño de Santiago é o número de noites rexistradas na rede de albergues públicos do Xacobeo.


En 2018 rexistráronse algo máis de 314 mil noites, cifra que descende nun 0,7% en relación ao dato do pasado 2017. A tendencia dos últimos anos amosa caídas consecutivas desde o 2011, a taxas variables, coa única excepción do leve incremento producido en 2013. Os descenso non son moi acusados mais sosteñen unha tendencia que leva a que en 2018 se registre a cifra máis baixa dos últimos dez anos. Neste ámbito concreto a evolución camiña en dirección oposta ao resto dos indicadores turísticos.

Por rutas obsérvase un descenso das noites rexistradas nos albergues públicos do Camiño Francés –do 9,3%– mais un crecemento daquelas correspondentes aos restantes camiños –do 9,6% neste caso–. Os albergues dos camiños Primitivo e Norte constitúen a excepción a este comportamento global manténdose estables no primeiro e rexistrando unha caída do 3% no segundo.

Evolución noites en albergues públicos. Período 2011-18



Variación noites en albergues públicos. Ano 2018/17




CAMIÑO DE SANTIAGO

O comportamento xeral en 2018 é bastante dispar. Rexístranse incrementos no primeiro trimestre do ano e puntualmente en maio, agosto e outubro. Cae a demanda, en cambio, en abril, xuño, xullo, setembro, novembro e decembro. Nunha perspectiva máis global obsérvase que crece o número de noites no verán –un 8,2%– mais descende no resto do ano –un 4,3% neste caso-. O descenso do volume de noites no camiño Francés acontece tanto en temporada alta –período no que cae un 8,5%– coma no resto do ano –cun descenso neste caso do 9,7%–.

En cambio, o bo comportamento rexistrado nos restantes camiños vén como consecuencia principalmente do incremento rexistrado no verán –período no que o volume de noites sobe en termos globais nun 33%–. Fóra da temporada alta o crecemento é máis moderado –do 1,5% neste caso–.

Evolución noites nos albergues públicos, por ruta e temporada. Ano 2018/17



CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE, obsérvase en 2018 un forte descenso tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma das pernoctacións nos hoteis e pensións dos concellos presentes na ruta –caen un 29,4% e 25,8% respectivamente en relación ao 2017-. Esta caída vén provocada en grande medida por un descenso da oferta dispoñible –volume de prazas ofertadas-, que cae un 28,4% neste ano.

Obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. Neste sentido ambos contribúen con similar intensidade á caída global da demanda, nun 22% os españois e nun 29% os estranxeiros.

Estes últimos son maioría nos establecementos hoteleiros do Camiño Francés –representan o 51% do total-. O segmento dos españois supón neste caso o 49%, ambas porcentaxes referidas ás pernoctacións.

Neste contexto negativo de forte descenso da oferta e da demanda o nivel de ocupación consegue mellorar suavemente –en algo máis dun punto porcentual neste caso- para situarse no 37,7% de media –a porcentaxe máis elevada da década-.

Demanda hoteleira no camiño Francés. Ano 2018

	ANO 2018	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS ALOXADOS	260.939	-29,4%
NOITES	293.065	-25,8%
Españóis	143.718	-21,8%
Estranxeiros	149.348	-29,4%
ESTADÍA MEDIA	1,12	5,0%
OCUPACIÓN (%)	37,71%	1,23


CAMIÑO DE SANTIAGO

A caída da demanda hoteleira no Camiño Francés prodúcese singularmente nos meses de maior afluencia turística, isto é, de abril a outubro –a taxas moi elevadas que se sitúan no 20% no mellor dos casos-. No primeiro trimestre –período que en 2018 inclúe a Semana Santa- e no mes de novembro, en cambio, a dinámica é positiva, con incrementos especialmente intensos en marzo –por mor do efecto positivo do calendario-. Isto leva a unha mellora dos niveis de demanda en temporada baixa –de case o 50%- fronte a unha caída nas temporadas media –do 28%- e alta –do 35% neste caso-.

O 88% da demanda hoteleira no Camiño Francés concéntrase en sete meses do ano –en particular, de abril a outubro-. Os cinco meses restantes absorben o 12% da demanda restante.


Agosto e setembro son os meses de maior afluencia rexistrando cada un máis de 44 mil noites. O 30% do total da demanda concéntrase xustamente neses dous meses.

Demanda hoteleira no camiño Francés. Ano 2018, por meses



CAMIÑO DE SANTIAGO

O comportamento dispar da demanda na temporada baixa fronte á media e alta é unha característica común aos dous segmentos de mercado. Neste sentido, tanto o turismo nacional coma o internacional presentan unha dinámica positiva na temporada baixa –período onde crecen un 47% e 55% respectivamente- mais descenden de abril a outubro, en porcentaxes tamén importantes que chegan ao 45% de caída do turismo internacional no verán.



TRÁFICO AEROPORTUARIO

O tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia incrementábase un 4,7% neste ano 2018 rexistrando preto de 5,1 millóns no conxunto da comunidade.

O incremento global da cifra de pasaxeiros vén como consecuencia da mellora rexistrada nos tres aeroportos, con diversa intensidade. Destaca en termos relativos a suba correspondente ao aeroporto de A Coruña que supera nun 7,4% o tráfico de pasaxeiros do pasado ano. En Vigo o incremento sitúase no 6,0% mentres que en Santiago fica no 3,0% interanual.

En termos absolutos o incremento supera levemente os 228 mil pasaxeiros no total de Galicia sendo A Coruña e Santiago os que se levan a maior parte –con máis de 80 mil novos pasaxeiros en cada un deles-. En Vigo conseguen gañar neste 2018 preto de 64 mil novos pasaxeiros.


Tráfico aeroportuario en Galicia. Ano 2018

AEROPORTO	Ano 2018	Ano 2017	Var. Int. 18/17	Peso 18
A CORUÑA	1.225.755	1.141.242	7,4%	24,1%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.723.296	2.643.196	3,0%	53,6%
VIGO	1.128.462	1.064.719	6,0%	22,2%
GALICIA	5.077.513	4.849.157	4,7%	100,0%

TRÁFICO AEROPORTUARIO

É o quinto ano consecutivo no que se rexistra un incremento do tráfico aeroportuario en Galicia. Logo das caídas rexistradas en 2012 e 2013 –que supuxeron a perda de case un millóns de pasaxeiros- o tráfico recupérase en 2014 coa suba do 4,5% que terá continuidade en 2015 –co incremento do 7,5%-, en 2016 –do 12,2%-, en 2017 –do 7,1%- e agora en 2018 –do 4,7%-. Esta dinámica permite recuperar e mesmo superar os niveis perdidos a principios da década e colocar o volume de pasaxeiros por encima dos cinco millóns no conxunto da comunidade, cifra que supón o dato máis elevado da serie histórica. O tráfico de pasaxeiros sobe e mellora en todos os meses do ano, de forma máis intensa en xaneiro e febreiro –con máis dun 10%- e máis suave en xuño e xullo –con apenas un 1% interanual en cada un deles-. Con preto de medio millón de pasaxeiros en xullo e agosto concéntrase no verán o 20% do total de pasaxeiros de 2018.

Evolución do tráfico aeroportuario en Galicia. Período 2005-18




TRÁFICO AEROPORTUARIO

O 66% do tráfico aéreo está operado por compañías aéreas de baixo custe, boa parte do cal se circunscribe ao ámbito nacional – en particular o 51% do total-. O 15% restante é de ámbito internacional. As compañías tradicionais absorben en cambio o 34% do tráfico de pasaxeiros sendo maioritario aquel de ámbito nacional.


Esta estrutura apenas varía da observada en 2016 e 2017 co cal mantéñense dalgunha maneira as cotas de mercado dos grandes segmentos das compañías aéreas.

O incremento do volume de pasaxeiros nos aeroportos galegos prodúcese como consecuencia do bo comportamento experimentado en todos os segmentos considerados. Sobe un 7,4% o tráfico aéreo das compañías tradicionais –cifra que si sitúa no 7,1% no ámbito nacional e no 10,8% no internacional-, un 4,2% aquel de baixo custe que opera no ámbito nacional e apenas un 1% o tráfico de pasaxeiros de compañías “low cost” de ámbito internacional.

Peso do tráfico aéreo regular por compañía e clase. Ano 2018



Var. tráfico aéreo regular por compañía e clase. 2018/17




TRÁFICO CRUCEIROS

Con datos deste 2018 obsérvase que o turismo de cruceiros en Galicia continúa centrado nos dous portos principais da comunidade –A Coruña e Vigo- que absorben o 50,3% e o 44,5% do total, respectivamente, neste 2018. No porto de Ferrol rexístrase o 4,9% do total de pasaxeiros da comunidade.

Desde o punto de vista dinámico o tráfico de pasaxeiros de cruceiros en Galicia incrementouse neste ano 2018, un 2,8% en particular, como consecuencia esencialmente do crecemento observado en Vigo –que consegue superar nun 13,0% as cifras do pasado ano-.


Nos restantes tres portos o tráfico de cruceiros presenta un comportamento negativo neste ano, con caídas do 3% en A Coruña, do 14% en Ferrol e do 27% en Vilagarcía –porcentaxe esta última que en realidade fai referencia a un volume moi baixo de pasaxeiros, con pouco máis de 1.100-.

Reparto do tráfico de pasaxeiros por porto. Ano 2018



■ A Coruña ■ Ferrol - San Cibrao ■ Vilagarcía ■ Vigo

Var. tráfico de pasaxeiros, global e por portos. 2018/17



EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

Segundo a Enquisa de Poboación Activa no ano 2018 o sector turístico de Galicia rexistrou 119.470 ocupados, cifra que se incrementa nun 5,2% en relación ao anterior 2017. Supón o 11,1% do total de ocupados nas diferentes ramas da economía da comunidade. Neste sentido melloran, por tanto, as cifras de emprego no sector en 2018.

Tres de cada catro persoas ocupadas son asalariados –porcentaxe que supera en case tres puntos á do pasado ano- mentres que a cifra restante figuran como autónomos.

Dentro dos asalariados do sector obsérvase un incremento paralelo da taxa de temporalidade en comparación co 2017 situándose no 42,3%.

En paralelo ao anterior a EPA constata que en 2018 incrementouse o desemprego no sector cunha suba do 4,3% na cifra de parados en relación ao 2017 –situándose a cifra final en 16.239-. Este incremento coloca a taxa de paro no sector no 12,0%, cifra practicamente equivalente á do anterior 2017.


Emprego no sector turístico. EPA 2018

	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Var. Int. 18/17
OCUPADOS	119.470	113.540	108.542	5,2%
PARADOS	16.239	15.564	17.220	4,3%
TAXA DE PARO	12,0%	12,1%	13,7%	-0,1 ptos.
TAXA DE ASALARIADOS	76,1%	73,3%	72,9%	+2,8 ptos.
TAXA DE TEMPORALIDADE	42,3%	37,6%	39,2%	+4,7 ptos.


EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

É o segundo ano consecutivo no que se incrementa a cifra de ocupados na rama turística en Galicia. A suba deste 2018 engádesse á rexistrada no pasado 2017 –do 4,6% naquel ano- e marca diferenza coa tendencia rexistrada nos anos anteriores cun comportamento máis irregular con subas puntuais en 2013, estabilidade en 2014 e 2016 e caída en 2015. Esta dinámica global coloca a cifra de 2018 en 119.470 ocupados, o dato máis elevado de cando menos os últimos dez anos. O crecemento do volume de ocupados concéntrase no ámbito dos asalariados, segmento que se incrementa nun 9,2%. O volume de autónomos, en cambio, presenta unha caída do 5,6% neste caso. Nunha desagregación maior obsérvase que no ámbito dos asalariados increméntase notablemente a cifra dos temporais –nun 23%- fronte aos indefinidos –que soben un 1% neste caso-. Así pois, a mellora do emprego na rama turística vén acompañada dun incremento do volume de asalariados temporais, o que se traduce nunha suba da taxa de temporalidade do sector –sitúase no 42,3%, a porcentaxe máis elevada de cando menos os últimos dez anos-.

Evolución ocupados sector turístico. EPA 2013-18



Evolución taxa temporalidade. EPA 2013-18




EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe- obsérvase un incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano. Soben en concreto un 2,3% situándose a cifra media de 2018 en máis de 79 mil no conxunto da comunidade.

Son cinco anos consecutivos de incremento das afiliacións á Seguridade Social nas ramas citadas pasando dun promedio do contorno das 70 mil no trienio 2011-13 a máis de 79 mil agora en 2018.

A nivel desagregado obsérvase que o incremento das afiliacións prodúcese en todas as ramas consideradas. Soben nun 4,7% nos servizos de aloxamento, nun 1,7% nos servizos de restauración e nun 10,4% nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares.

Evolución afiliacións á Seguridade Social (hostalería e axencias de viaxe). Período 2011-18



Turismo en Galicia

Balance anual 2018

galicia

